

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 21 DE
DECEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA
CORRESPONDENTE AO DÍA 31 DE DECEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e un de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier e dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Faise constar que dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, do PSdeG-PSOE, incorpórase á sesión trala súa toma de posesión como concelleira do Concello de Cambre, unha vez xa foi tratado o primeiro punto da orde do día. Así mesmo, faise constar que don José Antonio Baamonde López, do PP, incorpórase á sesión cando son as 13:50 horas, momento no que se está a tratar o sexto punto da orde do día, relativo ás mocións.

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, dona Carmen Tato Lago e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de setembro, sesión ordinaria do día 29 de outubro e sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2009

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de setembro, sesión ordinaria do día 29 de outubro e sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2009.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que no segundo parágrafo da páxina 56 da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009, onde di: “... *é un puro empregado da administración pública...*” debe dicir: “... *é un pluriempregado da administración pública...*”.

A Sra. secretaria sinala que sen comprobar a gravación non pode dicir nada, e pregunta se están todos de acordo coa modificación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que na última modificación dunha acta que solicitou o PP non se fixo porque se tiña que escoitar a gravación, pregunta se xa cambiou de novo iso. Di que eles, fai dous meses, tamén fixeron unha aclaración á acta e se lles dixo que había que escoitar a gravación, e que por iso non sabe se agora variou, e se pode modificar sen escoitalas. Di que a el parécelle ben que se modifique inmediatamente, pero non que se cambie a forma de proceder segundo conveña.

O Sr. presidente contesta que, entón, deixan a acta sobre a mesa para o vindeiro pleno.

Non se formulan máis alegacións, polo que, por unanimidade dos dezaseis concelleiros integrantes da corporación que neste momento están presentes (3 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 4 do BNG, 2 de EU-IU e 1 do PG), acordouse aprobar as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2009 e sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2009, e deixar sobre a mesa a acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2009, para a súa aprobación no vindeiro pleno, unha vez se comprobe a gravación efectuada.

2º Toma de posesión como concelleira do Concello de Cambre de dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, polo PSdeG-PSOE

A secretaria da corporación informa de que para adquirir a condición plena de concelleiro requírese reunir unha serie de requisitos. Un deles é presentar na Secretaría xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral, e o outro, cubrir a declaración de bens, incompatibilidades e actividades para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, así como prestar, na primeira sesión do pleno á que asista, o xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

Continúa dicindo que a credencial rexistrouse de entrada no Concello de Cambre o 30 de novembro de 2009, co núm. 16259, e que dona M^a Ángeles Míguez Mouzo presentou o venres día 17 de decembro, as declaracións ás que antes fixo referencia e, a maiores, fotocopia da declaración da renda. Polo tanto, di que xa deu cumprimento a todos os requisitos e que o único que queda é prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

A continuación, co fin de cumprir o requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 29 de xuño, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo presta xuramento coa fórmula que establece o Real decreto 707/79, do 5 de abril, e promete pola súa conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O Sr. alcalde dálle os parabéns e dille á nova concelleira que xa pode ocupar o seu sitio.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, maniféstalle á nova concelleira o desexo do seu grupo de que teña moita sorte no seu cargo e que teña un bo traballo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo tamén lle desexa sorte á nova concelleira e dálle a benvida ao cargo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén dende o seu grupo lle desexan sorte e éxito, que lle vai facer boa falta.

Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo amosa o seu agradecemento a todos.

3º Proposta de resolución de alegacións presentadas á aprobación provisional para o exercicio 2010 e seguintes, da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, polas empresas subministradoras de servizos de telefonía mobil e da aprobación provisional da ordenanza fiscal numero 21 reguladora desta taxa, e aprobación definitiva da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, así como das ordenanzas fiscais números 21 e 22 reguladoras das devanditas taxas

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de decembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior do día de hoxe.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Desestimar as alegacións, presentadas por dona María Teresa Arcos Sánchez, con DNI 05.402.768E, actuando en representación da mercantil REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES, con CIF G-85112357, no que solicita a suspensión da tramitación da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil e de aprobación da ordenanza fiscal número 21 reguladora dela.

Segundo: Aprobar definitivamente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Terceiro Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal número 21 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e a ordenanza fiscal número 22 reguladora da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, segundo se transcribe a continuación:

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil, que utilizan o dominio público para prestar estes servizos.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración déban utilizarse antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3.- O pago da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministro de interes xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan explotadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, e que utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, en beneficio particular, con independencia de quen sexa o titular das correspondentes instalacións ou redes.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Responsabilidades do suxeito pasivo

1.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2.- Se os danos foran irreparables, os suxeitos pasivos indemnizarán ó Concello en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3.- O Concello non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros ós que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 5º. Base imponible e cota tributaria.

1.- Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible (BI):

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcularase:

$$BI = Cmf * Nt + (0,95(NH) * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = Consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. Su importe para o exercizo 2010 será o resultado de

dividir la facturación por telefonía móvil dirixida á rede nacional entre o número de liñas de telefonía fixa, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. O seu importe é de 58,9 euros.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio. Será resultado de aplicar ó número de habitantes do Concello de Cambre a taxa de penetración da telefonía fixa sobre a poboación, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que é de 10.062

0,95 = Coeficiente redutor estimativo que recollería a penetración da telefonía móbil entre a poboación empadroada no termo municipal de Cambre.

NH = Número de habitantes empadroados no Municipio de Cambre a 1 de xaneiro de 2008 é de 22.900 persoas, última cifra oficial aprobada.

Cmm = Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil. Será resultado de dividir os ingresos totais por telefonía móbil entre o número de teléfonos móbiles, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e que é de 279,10 euros/año.

$$B.I= 58,9*10.062+ ((0,95*22.900)*279,10)= 592.651,8+6.071.820,5= 6.664.472,3$$

b) Cota básica (QB):

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$QB= 1,4\%*6.664.472,3= 93.302,61$$

A cota tributaria por operador determínase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un á cota básica global:

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, en función das liñas contratadas, relativo ó ano en curso, publicada por la CMT

c) Imputación por operador.

Para o ano 2010 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son as seguintes:

	CE	Cota anual	Cota trimestral
Movistar	48,87 %	45.596,99 euros	11.399,25 euros
Vodafone	33,10 %	30.883,16 euros	7.720,79 euros
Orange	16,58 %	15.469,57 euros	3.867,39 euros
Yoigo	0,71 %	662,45 euros	165,61 euros
Otros	0,73 %	681,11 euros	170,28 euros

Artigo 6º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 7º. Devengo e periodo impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do periodo impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

Artigo 8º. Normas de xestión.

1.- O Concello practicará as liquidacións definitivas das cotas trimestrais previstas no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

2.- Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán declaración en base aos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3.- Unha vez concluído o exercizo 2010 os suxeitos pasivos que probaran, en base a datos oficiais, que a súa participación neste período diferira da porcentaxe aplicada aos efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición adicional.-

As ordenanzas fiscais dos exercizos futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercizo 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois do 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, entenderáanse realizadas respecto a cada un dos exercizos nos que se aplique a ordenanza.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 22

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos

edificios e con acceso directo dende a vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público, con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, achegados aos edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros e máquinas sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 5º.-Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ao ano: 80 euros.

Artigo 6º. Devengo e período impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por instalación dun novo caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por eliminación do caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

En todo caso establécese a obriga de declarar de forma fehaciente, ante a administración municipal a instalación e a desinstalación do caixeiro automático ou máquina. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

Artigo 7º. Normas de xestión.

O Concello practicará dentro do primer semestre do ano, ou no momento de producirse a instalación dun novo caixeiro, as liquidacións definitivas da cota anual prevista no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

Artigo 8º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.”

Cuarto: Estas ordenanzas fiscais, comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2010, e manteráanse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Quinto: Publicar no boletín oficial da provincia estes acordos definitivos, así como o texto destas novas ordenanzas fiscais, para a súa entrada en vigor.

4º Proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, expediente número 2/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de decembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior do día de hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra, porque están falando de cinco facturas que suman 30.000 euros, unha delas, por poñer un exemplo, é do 8/4/2008. Di que non entenden porque dende esa data non se presentou ata agora para o cobro unha factura de 17.000 euros. O seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se trata de facer uns pagamentos anteriores, cuns reparos de Intervención, o que vén sendo habitual nos últimos tempos, aínda que tamén recoñecen que as persoas e as empresas que realizaron os traballos non teñen culpa das malas prácticas que existen neste concello dende hai moitísimo tempo. Di que tendo en conta que esas persoas fixeron os traballos, e que esas empresas teñen necesidade de cobrar, o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el tamén se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiro do BNG, votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por oito votos a prol, acordou:

Aprobar o expediente número 2/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 30.524,86 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF/CIF	Nome/Denominación Social	Importe
TE2DM0001004	01/09/2007	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	235,17
17258	08/04/2008	B15025661	INSTELEC S.L.	17.626,88
1085	28/11/2008	A15112899	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	1.233,88
1121	30/12/2008	A15112889	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	1.391,84
82	27/02/2009	A15112899	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	10.037,09
			Total	30.524,86

5º Proposta para indemnizar ao exconcelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior, por gastos xurídicos nos que incurreu no exercicio do seu cargo

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de setembro de 2009.

A secretaria da corporación informa de que a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior do día de hoxe ditaminou favorablemente a proposta de solicitar ao Colexio de avogados unha valoración do servizo correspondente á defensa xurídica do ex-concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior por gastos nos que incorreu no exercicio do seu cargo, e unha vez emitida a dita valoración, levarase a cabo un novo estudo do asunto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo fixo esa proposta porque están falando da defensa xurídica do Sr. alcalde e do concelleiro de Urbanismo, para a cal se contratou un bufete de avogados de Barcelona, e di que o seu grupo opina que tamén hai avogados en Cambre, na Coruña, sen dúbida, e por iso, como consideran que é normal que se paguen os gastos xurídicos, que se lle pida ao Colexio de avogados da Coruña unha tarifa, un orzamento do que isto podería valer, e que se pague ese importe.

Concedida a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao seu grupo parécelle cando menos unha frivolidade traer ao pleno o pagamento desta factura. Di que pensan que foi unha decisión unilateral dunha persoa que ocupaba un cargo de responsabilidade no concello, pero a eles parécelles un privilexio pagar 17.400 euros, un privilexio que este concello non se debe permitir, foi unha decisión persoal del, e por iso coinciden en levar a cabo a proposta de que o Colexio de avogados mande un informe e, a partir de aí, xa decidirán se van ou non a aprobar o pagamento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, estando de acordo coa proposta que fixo o PP, el entende que non é só culpable o Sr. concelleiro de Urbanismo e Facenda nesa época, senón que tamén o é o Sr. alcalde. Di que, de feito, a factura que agora se pretende pagar é a do Sr. concelleiro, a do Sr. alcalde xa

quedaría para máis adiante. Di que el cre que se ese bufete emitiu unha factura, e se vai analizar, entón deben analizarse as dúas xuntas, no seu conxunto, e pagar dunha soa vez o que corresponda de acordo coa proposta que se fixo por parte do PP de facer a consulta ao Colexio de avogados.

Por todo iso, di que el pediría que se pagase todo dunha vez e non andar sempre con historias atrasadas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el na comisión informativa apuntaba que botaba en falta, e gustaríalle que se fixera, un informe do responsable da unidade xurídica de Urbanismo do concello, xa que por ser un tema relacionado directamente cun tema urbanístico botan en falta o informe do máximo responsable do concello nesa tarefa.

O Sr. alcalde di que entón que se lle pide, e que, por tanto, se entende aprobada así a proposta.

6º Mocións

O Sr. alcalde informa que o escrito que o PP lles entregou nas comisións informativas e que presentan como moción urxente, el como alcalde entende que non é unha moción, que é un rogo e, polo tanto, non se vai tratar nin se vai ler hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que evidentemente é unha potestade do Sr. alcalde que se lean ou non as mocións, pero que en calquera caso, ante a situación que se está a vivir en Cambre o PP ten tres alternativas, unha sería aplaudirlle, que evidentemente non o van facer, outra sería estar calados que tampouco o van facer, e outra é presentar esta moción para esixir que este pleno

O Sr. alcalde di que non se vai tratar.

O Sr. Cubeiro manifesta que en calquera caso terá que explicar do que se trata, que o Sr. alcalde está no seu dereito en dicir que non se lea, pero que el ten que dicir que é o que presentou.

O Sr. alcalde reitera que non se vai tratar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que por unha cuestión de orde parécelle que hai que volver a repetir outra vez máis, e senón que a secretaria que lle dea ou

Ile quite a razón, que EU-IU presentou as iniciativas para este pleno, unha moción, rogos e preguntas, incluso para as comisións, o pasado xoves. Di que as presentaron antes que ningún outro grupo e dalgunha maneira cre que se deberían tratar as de EU-IU antes porque pensa que as demais están presentadas fóra de prazo, con independencia de que sexa un rogo ou unha moción, pero cre que lle corresponde ao seu grupo dar lectura antes tanto ás mocións, como aos rogos e ás preguntas, porque de feito as presentaron antes. Pide que a secretaria informe ao respecto porque eles as presentaron en tempo.

O Sr. alcalde manifesta que a moción que se vai tratar é a de EU-IU, porque a do PP non é moción, non se vai tratar nin se vai ler, a única moción é a do grupo de EU-IU, e por tanto pídelle ao voceiro que pase a lela.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se non é necesario votar a urxencia.

O Sr. alcalde di que non.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se cambiou o regulamento hoxe.

O Sr. alcalde di que non hai que votala, porque é un tema que decide o alcalde, e xa está tratado.

O Sr. Cubeiro di que é un tema que varía duns plenos a outros.

O Sr. alcalde contesta que non se varía nada, e que non teña rabechas.

O Sr. Cubeiro pregúntalle á Sra. secretaria por que outras veces lles obrigan a votar a urxencia e hoxe non, pregunta se cambio o regulamento.

O Sr. alcalde di que el ten a facultade de dicir se é moción ou rogo, e que, polo tanto, non se vai tratar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que el fala de votar a urxencia da de EU-IU, pregunta se iso non é necesario.

O Sr. alcalde contesta que agora van a votar a urxencia, como sempre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non vai haber necesidade de votar a urxencia, xa que a moción que tiña presentado o seu grupo trataba sobre un problema de solidariedade coa activista marroquí Aminatou Haidar, e

como este problema agardan que xa está medianamente resolto, ao seu grupo non lle queda máis que manifestar e reafirmar a súa solidariedade con esta persoa e, ao mesmo tempo, o seu compromiso coa causa do pobo saharai.

Continúa dicindo que se felicitan de que este tema teña sido solucionado, máis ou menos ben, e polo tanto non van presentar a moción.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Comunicado dos representantes dos traballadores do Concello de Cambre. Consta do seguinte teor literal:

“A Xunta de Persoal funcionario e os Delegados do Persoal laboral do Concello de Cambre, ante as últimas noticias aparecidas na prensa, así como as mencións feitas nos plenos por parte dos grupos municipais do Partido Popular e Partido Galeguista, sobre a profesionalidade e honestidade dos traballadores e traballadoras deste concello, queremos manifestar a nosa máis absoluta repulsa contra esta utilización con fins políticos do traballo profesional e independente de cada un dos funcionarios e persoal laboral deste concello.

A modo de exemplo desta utilización temos que sinalar como no pleno do día 15 de setembro deste ano, o voceiro do PP Nicolás Cubeiro involucrava a persoal da Policía Local nunha trama de espionaxe sobre a súa persoa e familia e que a día de hoxe non presentou ningunha proba nin rectificou no medio onde se lle deu publicidade ao tema.

En referencia ás palabras do concelleiro do Partido Galeguista señor Marante Gómez, no pleno do día 26 de novembro deste ano, defendemos a independencia e profesionalidade da secretaria e interventora municipais; e o instamos a que se realmente non discute a súa honorabilidade e ten constancia de traballadores que son presionados no seu traballo para cometer algún tipo de irregularidade, o comunique inmediatamente aos representantes dos traballadores ou ao órgano competente, xa sexa administrativo ou xudicial. De non ser así esiximos que cesen pola súa parte ou por calquera dos outros grupos políticos este tipo de comentarios insidiosos.

Declaramos o noso total apoio á nosa compañeira, a interventora municipal, pola manipulación das súas palabras aparecidas no diario La Opinión da Coruña do domingo 20 de decembro. Cambre, 21 de decembro de 2009”.

O Sr. alcalde di que se trata dun comunicado dentro do punto de informes, para dar conta e nada máis.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o Sr. alcalde pode facer que isto se lea e os demais sen falar.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17340 o día 18 de decembro actual.

1º Rogamos ao alcalde nos informe da actual composición do equipo de goberno, da distribución de competencias entre os membros e dos horarios de atención ao público de cada un deles.

O Sr. alcalde contesta que nesta sesión acaba de tomar posesión a nova compañeira, á cal dá a en hora boa, e vaise facer unha redistribución. Agarda que en breves días se lles dará a coñecer a composición do novo equipo de goberno.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que iso xa llelo dixo o Sr. alcalde o mes pasado, e o dixo con anterioridade. Están agardando polo horario dos concelleiros dende que comezou a lexislatura, e tamén lle pregunta onde está o seu grupo municipal, porque hoxe non o ven aquí, hai tres ausencias que supoñen serán importantes. Di que supón que o Sr. alcalde dirá o de costume, que o mes que vén.

2º Rogamos nos informen do estado en que se atopa a adquisición dos terreos para a construción do novo colexio da Barcala.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que lles pasará por escrito exactamente todo o que teñen. Di que está practicamente rematado o informe dos técnicos, e contan con que nesta semana quede todo resolto.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que non sabe se sería conveniente que, igual que mandaron unha nota de prensa dicindo que o concello xa adquirira os terreos, se tamén sería conveniente que manden outra dicindo que iso é unha manipulación da opinión pública, e realmente non están adquiridos os terreos. Di que sería unha boa puntualización.

3º O 1 de xullo de 2009 produciuse a liberalización efectiva do mercado eléctrico en España. Dende entón, todos os particulares, empresas e institucións públicas que teñan un consumo superior a 10Kw ao mes deben contratar individualmente os servizos. Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado no que se atopa o expediente para a contratación do servizo eléctrico no Concello de Cambre.

O Sr. alcalde di que se non lles importa contestará por escrito, porque é un tema que estaba levando o enxeñeiro, Sr. Medín, e tan pronto como o teñan, llelo pasará.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, contesta que si que lles importa porque a partir do 1 de xaneiro quen non teña feito este contrato vai pagar un recargo do 5%. Di que supón que o Sr. alcalde o terá previsto nos novos orzamentos, pagar recargo por non ter feito xestións en tempo.

Continúa dicindo que están falando dun importe elevado e, por tanto, non cre que sexa unha resposta adecuada dicir que non está o enxeñeiro ou que contestará por escrito. Están falando de diñeiro, moito diñeiro que, unha vez máis, se vai pagar innecesariamente. Di que esa é a realidade e que non llela soluciona dicíndolles por escrito algo do Sr. Medín, o responsable é o Sr. alcalde.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17213 o día 17 de decembro actual, xunto coa moción e as preguntas.

1º Nas comisións informativas correspondentes ao mes de outono, o noso grupo presentaba un rogo, en relación coa implantación da receita electrónica no noso concello. Segundo informacións do propio alcalde, facilitadas polo coordinador do centro de saúde, manifestaba que existen problemas de tipo informático, que impedían na actualidade a posta en funcionamento desta modalidade de expedición de medicamentos.

Transcorrido un tempo prudencial e tendo en conta o compromiso do Sr. alcalde en insistir no problema.

O noso grupo prega se nos informe das xestións realizadas co fin de dispoñer do mencionado servizo.

O Sr. alcalde contesta que se fixo algunha xestión co Sergas. Di que teñen estado aquí técnicos da consellería e que se levaron a normativa do concello, e están pendentes de que

lles digan algo. Di que isto se fixo hai fai tres meses e a xestión está aí. Pasadas estas festas de Reis, esperan que poidan informar algo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o Sr. alcalde falou de que se lles deu a normativa do concello, e el non sabe que tipo de normativa é.

O Sr. alcalde contesta que a normativa urbanística da zona do Temple para o novo terreo, xa que estiveron aquí para velo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non lle parece que iso teña moito que ver co rogo realizado. Di que o rogo realizado é para a implantación en Cambre da chamada receita electrónica.

O Sr. alcalde di que diso xa faláron no pleno anterior, e que na reunión que tiveron co coordinador dos médicos, co doutor Louro, este lles dixo que non a ve viable, que os médicos entenden que non o é. Di que el xa lle contestou iso, cre que fai dous meses.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que si, e que o Sr. alcalde dixo que ía insistir no tema.

O Sr. alcalde di que el insistiu con Louro, e que el lle dixo que entende que os compañeiros que practican a medicina en Cambre, non o ven operativo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agarda que conste en acta que os médicos de Cambre entenden que non é factible implantar en Cambre a receita electrónica, e iso cando en Galicia xa hai 103 centros de saúde con esta modalidade, 490 farmacias con esta modalidade, o Concello de Culleredo, Oleiros, Abegondo e Carral teñen esta modalidade. Di que cre que é unha iniciativa que fai moito máis cómoda e segura a dispensación dos medicamentos para os pacientes, incluso para os médicos e farmacéuticos, baseándose nun sistema electrónico para a prescrición de medicamentos, cun programa informático que asegura a confidencialidade, sobre todo dos pacientes.

Continúa dicindo que non é sorprendente que tivera éxito aquí na comarca ou en Galicia, senón que tivo éxito en toda España.

2º Veciños/as da parroquia de Andeiro manifestaron ao noso grupo a súa indignación polos frecuentes cortes que se veñen producindo no servizo de subministración eléctrica, especialmente en tempo de choiva.

O noso grupo prega ao goberno local comprobe a situación e leve a cabo a denuncia diante do organismo público competente, así como esixir á empresa subministradora a adopción das medidas necesarias para solucionar o problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que nos servizos municipais non hai queixas formais, non hai reclamacións formais, o que si coincide é que tamén a eles veciños, de maneira particular, lles teñen feito chegar queixas sobre a mala calidade do servizo. Di que é probable que haxa que volver a facer, como se fixo hai tres ou catro anos, de recoller todas as reclamacións que os veciños fagan ante o subministrador Fenosa, ou ante a Consellería de Industria, e reforzar iso cunha petición de arranxo por parte municipal.

Di que el o que pide é que se hai constancia ou coñecen reclamacións formais que algunha persoa, algún cidadán, fixera contra a empresa, ou denuncias que fixeran ante a Consellería de Industria, lles faga chegar, xuntarano todo, e reforzarán iso cunha posición de reclamación do concello. Ata agora o único que teñen son comentarios verbais, a el mesmo lle ten chegado algún, e non só de Andeiro, senón dalgunha outra zona, pero non consta ningunha queixa formal no concello sobre estes servizos, nin teñen tampouco a copia das reclamacións que lle fixeran aos que son realmente responsables, que son tanto o subministrador, como quen ten que controlar o servizo, que é a Consellería de Industria.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el tamén o que ten son queixas verbais, e non ten nada por escrito, non sabe se no concello existen, pero que a evidencia está aí, que é a falta de subministración en momentos determinados, como dicía o rogo, en casos de choiva. Di que iso está claro e que todos o poden comprobar se falan coa xente, pero que, ao mellor, non todo o mundo está disposto a presentar unha queixa por escrito a Fenosa ou a Industria. Por iso pensa que ao concello neste momento lle corresponde investigar este problema e queixarse a quen sexa pertinente.

3º Sobre a adaptación de lugares para realizar graffitis. O graffiti é unha forma de manifestación artístca de certa importancia que non debe confundirse co simple emborronamento das paredes e mobiliario urbano, e como tal debemos de procurar entendela e promovela. En Cambre existen muros e medianeiras que cunha intervención artística adecuada, pode mellorar a paisaxe urbana contribuíndo a incrementar esta nova manifestación cultural, evitando o abuso e uso indiscriminado.

Por iso EU-IU propón o seguinte rogo:

Que o goberno acorde realizar un inventario dos muros e medianeiras existentes, susceptibles de ser reconvertidos en elementos activos da paisaxe urbana.

Que nos orzamentos do vindeiro ano se habilite unha partida orzamentaria para realizar este programa.

Dona Laura Fernández Martínez expón que, antes de nada, quere facer unha pequena puntualización respecto da moción de EU-IU, que entende que foi un erro involuntario, pero que a Sra. Aminatou Haidar é unha activista saharauí, non marroquí.

O Sr. Taibo Casás di que así é, que é certo.

Dona Laura Fernández Martínez manifesta que, en canto ao tema dos graffitis, dende o departamento de Xuventude xa se está realizando un *book* no que aparecen todas as paredes que son susceptibles de ser, dalgunha maneira, pintadas. Na Omix dispoñen xa dunha serie de fotografías, gran parte delas subministradas polos propios rapaces, cos que xa tiveron algunha reunión, e aos que se lles pediu que elaboren un deseño dun sinal para poñer nas paredes que poidan ser susceptibles de ser pintadas.

Continúa dicindo que, en canto á lista de paredes, xa dispoñen de dous lugares onde os rapaces están pintando actualmente, unha delas é na zona de Cecebre, nun dos tuneis da autoestrada, xa que dende autoestradas accederon verbalmente. A segunda das zonas é na zona dos Campóns, nunha das paredes do pavillón polideportivo, a que queda contra o instituto David Buján.

Explica que os rapaces dispoñen de material, pintura, alongadores, roletes, etc., que gardan en dependencias municipais, e que eles mesmos van xestionando o tema da parede, e van pintando novamente nela.

Conclúe dicindo que de todo isto teñen coñecemento por escrito a Policía Local, Garda Civil, Protección Civil e en Deportes.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que lles parece estupendo e que o seu grupo sempre vai apoiar este tipo de iniciativas, por iso as traen, para que saian adiante e tamén para informarse eles da situación. Di que tamén queren preguntar se sería posible na zona da Barcala, na parede que está pegada á estrada, ou se está previsto algún tipo de intervención alí.

Dona Laura Fernández Martínez contesta que precisamente por iso dixo que agora mesmo están preparando unha relación de paredes para saber quen realmente é o propietario de cada unha delas, e ver se é posible pintar nelas, por temas do contorno, de seguridade

viaria, ou calquera outro motivo que puidera impedilo, e que entre todas elas estaría a que mencionou o concelleiro de EU-IU.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17342 o día 18 de decembro actual.

1ª Cando van finalizar as obras da estrada de Espírito Santo a Lendoiro?

O Sr. alcalde contesta que segundo dixo o director de obra fai tres días, no mes de xaneiro quedará terminada. Di que xa botaron a primeira capa de rodadura e que agora están pendentes de meter a segunda. Cre que a comunidade autónoma xa contratou o trozo da rede de sumidoiros que estaba sen facer, e van ver se son capaces de coordinar para que se cruce a estrada antes de meter a segunda capa de rodadura.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que se entendeu ben en xaneiro queda rematada, que moi ben, que toman nota, que en xaneiro queda rematada, despois de tres anos.

2ª En que estado se atopa o contrato para a redacción do Plan Xeral?

O Sr. alcalde contesta que está feito o prego de condicións, que no o trouxo agora, pero que llelo fará chegar. Di que están pendentes de que a comunidade autónoma lles diga que cantidade de diñeiro lles poden dar para a súa redacción, porque o que non lles dean, terán que metelo nos orzamentos municipais.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, dille ao Sr. alcalde que esta mesma pregunta lla fixo o mes pasado, e que a resposta textual do Sr. alcalde foi que dependía de Emilio, e dille que Emilio é un funcionario, e que xa lle dixo entón que, como de costume, o Sr. alcalde se escuda nos funcionarios, e tamén lle preguntou se lle parecía normal despois de 10 anos, ante esta pregunta, dicir que está nas mans dun funcionario, que os atrasos son debido a iso. Di que o Sr. alcalde, como sempre, lle bota a culpa a calquera, Deputación, Xunta, a calquera, incluídos os funcionarios.

Conclúe dicindo que lle parece moi importante a pregunta que lle acaba de facer ao Sr. alcalde e que debería tomala en serio porque están falando de algo que xa custou 40 millóns de pesetas, que xa van 11 anos, e que afecta de forma decisiva aos intereses de Cambre, polo tanto debería tomalo un pouquiño en serio.

3ª Que opinión lle merece ao equipo de goberno o Plan Arume?

O Sr. alcalde contesta que é un tema bastante importante, que vai supor melloras importantes nalgúns zonas, pero sobre todo no centro de Cambre e no Graxal. É un plan no que se van investir case tres millóns de euros, e pensa que vai beneficiar a todos. Agarda poder iniciar de inmediato as obras, xa que hai que certificar parte delas no ano que entran, e aí están.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que a el lle gustaría saber como se coordinan no equipo de goberno, porque este plan Arume se aprobou no ano 2007, cos votos a prol de PSOE e PP, e o socio de goberno do Sr. alcalde, hoxe, que é o que está desenvolvendo as obras deste plan, votou en contra. Di que o BNG fixo unha exposición pormenorizada das razóns e que dixo que por todas elas, e por algunhas outras máis, o BNG non ía votar a prol da proposta. Pregunta ao Sr. alcalde como fai para coordinar con eles, se votaron en contra, e como consegue que traballen con ganas, con ilusión, nun proxecto que non lles pareceu ben.

O Sr. alcalde contesta que neste momento están traballando en coordinación, e que agardan que as obras vaian a bo fin.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17213 o día 17 de decembro actual, xunto coa moción e os rogos.

1ª A seguridade viaria segue sendo un asunto pendente no concello, veciños/as de Pravio e Cambre teñen manifestado ao goberno local a necesidade de dotar de pasos de peóns a diversos lugares da estrada AC-214, que comunica as dúas parroquias. Tamén foron moitas as propostas e reclamacións realizadas polo noso grupo no mesmo sentido; sen esquecer as mobilizacións veciñais solicitando medidas de seguridade na estrada de Cambre a Pravio..

Rematadas as obras de reparación do firme e pintado da mencionada estrada, observamos que non se sinalizaron os tan necesarios pasos de peóns, tendo que seguir arriscando a súa vida as persoas.

Que medidas se teñen adoptado ou teñen pensado adoptar dende o goberno para dar solución ao problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que todos saben que se trata dunha estrada

autonómica, da Xunta, e o concello non pode pintar os pasos de peóns onde lle apeteza. Di que xa teñen solicitado varios, pero que precisamente nos sitios nos que teñen solicitado non lles autorizan a facelos, porque teñen que cumprir unha serie de requisitos técnicos, que a estrada é súa, a titularidade é súa, e a normativa é súa, e polo tanto seguen esas pautas. Di que, entre outras cousas, é necesario que para ter un paso de peóns nunha estrada dese tipo comece nunha beirarrúa e remate nunha beirarrúa, nun dos lados non pode rematar nunha beiravía, ou incluso en sitios que non hai nin sequera esa beiravía mínima.

Continúa dicindo que no caso da saída de Cambre, nos sitios onde estaban pedidos, que é moi próximo aos Manueles, aí non autorizan porque precisamente non se dan esas circunstancias, e ademais se lle xunta outra, que é que ten que haber unhas distancias mínimas de visibilidade para podelas admitir. Di que onde o admitirían é facelo alí onde está o edificio de pisos, alí en Freande, no medio, pero esa decisión obrigaría a perder unhas dez prazas de aparcamento, porque hai que facer un sobreancho na beirarrúa e eliminar os aparcamentos en dez metros a cada lado da beirarrúa. Di que sería necesario facelo, e que probablemente haxa que tomar esa decisión, pero que é unha decisión conflitiva porque eliminarían a práctica totalidade do aparcamento que hai nesa zona.

Segue a dicir que pola súa banda, dentro do que está na súa man, o que están agora mesmo é, na subida cara a Pravio, no lugar de Freande, á altura do Drozo, entubar as pluviais da marxe esquerda, para permitir, polo menos, eliminar unha serie de problemas que hai coas pluviais, e ao mesmo tempo conseguir unha pequena beiravía que dea un pouco máis de seguridade ás persoas que por alí circulan. Di que están falando de entre a entrada que hai para o Drozo, e o cruzamento coa estrada de Estorrentada. Di que sería unha medida inmediata, que é un dos proxectos que van a comentar con todos os grupos, tamén, para poder incluír agora dentro do Plan Feil. Esa sería unha das medidas, ademais do tema das beirarrúas que continúan pola Castellana, que están pendentes da visita dos responsables da Xunta, que teñen comprometida desde fai xa uns dous meses e medio, ou tres meses, precisamente para tratar o tema de aí, o tema da Xira, é dicir, algúns máis que teñen en carteira que son necesarios solucionar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como dixo o Sr. Iglesias, a eliminación de determinadas prazas de aparcamento en Freande é unha valoración que ten que facer o concello, e ver se é máis importante eliminar unhas prazas de aparcamento ou a seguridade das persoas, porque hai que ter en conta que dende Cambre a Pravio non hai habilitado un paso de peóns onde poidan cruzar as persoas. Di que el non o entende, que non sabe como a Xunta entende isto, e que a xente, evidentemente, ten que cruzar igual para facer as súas xestións, sobre todo na zona de Bellavista, que é un acceso claro, e onde todos os días ven á xente cruzar. Pregunta se van a agardar a que haxa un atropelo ou unha

desgraza. Cre que iso é o que hai que facer ver á Xunta.

Por outra parte, di que non entende a actitude da Xunta e a súa maneira de proceder, porque a estrada esta, que como ben dixo o responsable da área, é de competencia autonómica, aí nas inmediacións de Amil se pintou un paso de peóns, e pintouse nun sitio onde non hai beirarrúas, pregunta como se entende iso, di que non vai de beirarrúa a beirarrúa, e que hai unha contradición aí, na execución desas cuestións. Di que non sabe se é que se presiona máis nun sitio que noutro. Pensa que, nese sentido, o que lle cabe a esta corporación é presionar dunha maneira contundente á Xunta de Galicia, e dicirlles que nesa estrada queremos seguridade, e se para iso teñen que mobilizarse unha vez máis, como xa algunha vez o fixeron, para que se fagan beirarrúas, terán que mobilizarse para que pinten pasos de peóns.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que están totalmente de acordo, e tanto é así, que o Sr. alcalde tivo unha entrevista co delegado provincial da Xunta no mes de setembro, no que se comprometeron a unha serie de cousas, e di que, a finais de outubro, el mesmo, acompañado dun técnico, nunha reunión que tiveron en Monelos, no edificio administrativo, reiteroulle ao delegado provincial o compromiso da visita, precisamente para solucionar non só os temas que o Sr. Taibo estaba comentando, ou os que comentou el, senón un montón deles máis que teñen que ver coa seguridade viaria nas estradas que son de titularidade autonómica. Di que están de acordo con iso e que se cadra o que hai que facer é poñerse todos, coa corporación ao fronte, a facer presión para que tomen en serio o tema desta estrada dunha vez.

2ª Ante a falta de información aos grupos da oposición sobre o proxecto e lugar de instalación dunha pista de skate, a pesar de telo solicitado no pleno do mes de outubro pasado, e os antecedentes existentes dende a presentación da moción polo noso grupo no mes de outubro do 2007. Lamentamos ter que informarnos polos medios de comunicación das actuacións previstas.

Ante isto, o no grupo pregunta:

Existe algún motivo especial para non informar á oposición como se tiña requirido con anterioridade?

Cal é a concellería responsable desta actuación?

Dona Laura Fernández Martínez contesta que ten o informe que lle pasaron dende o departamento técnico de Xuventude, pero que antes quere puntualizarlle unhas cousas ao

concelleiro de EU-IU. Dille que el fala de falta de información, e que o 22 de outubro levouse a cabo unha reunión na súa concellería, cos representantes das asociacións xuvenís dos distintos grupos políticos aquí representados, o día 20 foron convocadas, e o 22, o día da reunión, dende EU-IU lles confirmaron o nome da persoa a quen se tiñan que dirixir para estes temas e, evidentemente, a esa reunión non asistiu. Eles entenderon que dende EU llo comunicarían, pero esa persoa non asistiu.

Continúa dicindo que nesa reunión xa se comentou algo sobre o tema da pista. O día 16 de novembro, novamente foron convocadas dende a súa concellería as asociacións xuvenís, tanto dos grupos políticos, como dos distintos usuarios da pista. A reunión foi o día 19 para tratar esencialmente o tema da pista. O día 17 de novembro, o representante xuvenil nomeado por EU-IU mediante un e-mail confirma a súa asistencia. Di que ten aquí o e-mail e dálle lectura.

Segue dicindo que a reunión tivo lugar sen a presenza do representante de EU-IU, que chegou cando pasaba hora e media da hora fixada para a reunión. Di que quedou en volver para enterarse do que tiñan falado, ou ben chamar por teléfono, pero ata o día de hoxe, nin volveu, nin chamou. Di que entende que non son eles os que non dan información.

Continúa dicindo que o concelleiro de EU-IU dixo que no pleno de outubro preguntou e tampouco se lles deu información, o cal non é certo, porque aí está a acta do pleno. Informouselle do que ata ese momento había, que era que se estaba buscando entre varios sitios para colocar a pista, e que se convocaba ás asociacións xuvenís.

A continuación, di que pasa a falar dos datos concretos da pista, e que lle vai ler directamente o informe que emite o departamento técnico de Xuventude e no que se recolle que co ánimo de favorecer a participación xuvenil nos asuntos que lle son propios, e por outra banda aproveitar o seu coñecemento como usuarios habituais da infraestrutura obxecto de debate, convócase á mocidade interesada do seguinte xeito:

- a través das redes sociais, twenty e facebook
- en avisos directos a mozos practicantes de skate, roller e bmx que coñecen os técnicos da Omix como usuarios do servizo, como persoas interesadas na pista, ou como expertos do deporte
- por correo electrónico e aviso telefónico directo, aos representantes das seccións xuvenís dos partidos políticos con representación municipal. Galiza Nova polo BNG, Novas Xeracións polo PP e EU. (PSOE e PG informáronlles que non dispoñían de representantes xuvenís).

Continúa dicindo o informe que os principios básicos que moverán á construción da pista son os seguintes:

- que a infraestrutura sexa realmente válida para os tres tipos de usuarios que poidan utilizala, táboas ou monopatín, os skaters, os rollers, os patíns, ou a bici
- a formación dun comité integrado por representantes dos mozos e mozas usuarios das distintas tendencias.
- elección entre eles, entre os asistentes a esta primeira xuntanza, se o número deles fora moi grande, coa finalidade de que sexa deseñado coas ideas básicas deles
- consensuar o deseño das pezas, módulos ou similar, e utilizar o comité como un auténtico grupo asesor

O informe recolle as xuntanzas que tiveron lugar relacionadas coa pista de skate, a primeira das cales di a concelleira que foi a do día 19, da que acaba de falar, e á cal foron convocados os grupos, e ao remate da cal os representantes de Galiza Nova e Novas Xeracións, agradeceron ser convocadas e, ao mesmo tempo, declinaron voltar a elas en vindeiras ocasións, xa que consideraban que tecnicamente non podían achegar gran cousa. Di que como xa comentou, o representante xuvenil de EU chegou cando xa tiña rematado a xuntanza, quedou en volver noutro momento para informarse do que se falara e ata hoxe non volveu aparecer nin chamou.

O informe di tamén que o resto dos convocados son practicantes de táboa, de bici e patíns, de diferentes lugares do concello, Sigrás, Barcala, Cambre, Lema ou Bribes.

En canto aos temas que se trataron na xuntanza, o xoves 19 falouse da posible colocación da pista, por definir naquel momento, e tomouse nota das propostas de lugares por parte dos rapaces, a formación dun comité asesor, e cales deberían ser as calidades e características da pista.

Estaba presente o técnico do departamento de Xuventude, o técnico do grupo municipal e ela como concelleira.

O mércores 2 de decembro, nos locais da Omix, asistiron á xuntanza 6 mozos, 2 bikers, 2 skaters e 1 roller. Nesta reunión anunciouse a situación definitiva, en Cambre, e xustificouse os descartes doutros lugares pensados polo concello, ou propostos polos mesmos mozos. Tamén se debateron cuestións técnicas sobre deseño e módulos da pista.

O mércores 17 de decembro tivo lugar a seguinte reunión, á cal asistiron 2 skaters e 2 bikers, a concellería e os dous técnicos do departamento. Di que foi a xuntanza máis técnica

das realizadas ata agora. Debatéronse cuestións puramente técnicas e consensuáronse módulos e características da pista, que hai que seguir profundizando en vindeiras xuntanzas. Miraron fotografías de como resolveron cuestións, como as que se lles presentan a eles, noutros concellos, e falaron tamén das empresas que poderían dedicarse a ela. Nesta mesma reunión estableceron a seguinte xuntanza para o mércores 13 de xaneiro ás 19:30 horas.

Por todo o anterior, dona Laura Fernández Martínez conclúe dicindo que, dende a súa concellería non hai falta de información, que se convocou a quen eles mesmos lles indicaron.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que con independencia da información que facilita o goberno, e a Sra. Laura Fernández como concelleira responsable, ás xuventudes e ás organizacións dos diversos grupos, parécelle que na acta do pleno pasado está, así o dixo o voceiro do BNG, que se ía informar aos grupos municipais, que son totalmente distintos, son uns órganos totalmente distintos. Os grupos municipais teñen que ver, e non teñen que ver, co que é a organización xuvenil do partido.

Di que o que se pedía era información aos grupos municipais, e niso se quedou, información aos grupos, e eles se piden iso é con ánimo de construír, e de facer, e de saber onde se vai instalar a pista de skate, e como se vai instalar. Iso é o que queren saber, non queren dar tantas voltas. Di que, entre outras cousas, dixo a concelleira que o representante de EU-IU chegou hora e media tarde á reunión, e así é, porque ten que traballar, porque é horario laboral, e ten que traballar, como os demais. E que ao rapaz que tiña que asistir a esa reunión non lle pagan por dez minutos de comisión de goberno 150 ou 200 euros, como lle pagan á Sra. concelleira e máis ao grupo de goberno. Di que chegou tarde porque tiña que traballar, e que xa bastante esforzo fai, que as súas horas as dedica a estas cuestións.

Continúa dicindo que o fondo da cuestión a el lle sorprendeu. O campo de fútbol de Cambre, parécelle moi ben, o que hai que buscarlle é un espazo para que os rapaces fagan este tipo de deporte, e así o dixeron moitas veces, pero pregunta se no campo de fútbol de Cambre, nestes momentos, están os terreos legalmente habilitados para a instalación desta pista, porque el ten un informe dunha técnica deste concello, de hai xa algún tempo, onde di que nestes terreos, e por iso é a pregunta, hai parte deles, ou algunha parcela, que non está pasada ao Rexistro da Propiedade, e ten medo de a subvención se lles vaia ao garete. No informe que ten da técnica de administración xeral do concello dise que se están a realizar as xestións oportunas para levar a cabo a rectificación do erro contido na escritura autorizada polo notario don Miguel Jurjo Otero, co fin de levar a cabo a inscrición rexistral, e di que iso quere dicir que algunha parcela, ao mellor, el non o sabe, onde se pretende

instalar a pista, está sen rexistrar, e non vaia ser que haxa algún problema e vaia todo ao garete, como xa nos pasou algunha vez xa neste concello, xa pasou, e se perdeu moito diñeiro, como por exemplo coa Casa da Cultura.

Conclúe dicindo que lle gustaría saber se os terreos están debidamente habilitados para facer a pista alí, ese é o tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que aquí hai quen vén a facer o seu discurso e lle dá exactamente igual, nin o que pregunta, nin o que se lle contesta, nin nada. O que lle contestaron fai dous meses, cre que foi no mes de outubro, e que precisamente o que estaban era buscando a parcela de titularidade municipal que tivera a viabilidade urbanística para poder facer esta instalación, e ese era o traballo no que estaban nese momento, e iso foi o que encontraron, cos informes dos técnicos que habilitan ese lugar para poder facer a instalación, supoñen que non lles mentirían.

Continúa dicindo que o Sr. Taibo fala de que hai falta de información, e el pensa que coa intervención que fixo a súa compañeira quedou perfectamente demostrado que de falta de información, nada. Ás reunións, EU-IU mandou a persoa que quixo mandar, esa persoa veu ou non veu polo motivo que fora, pero, en todo caso, pídelles que non lles achaque nada. Di que ese é o discurso do Sr. concelleiro, vén dicir iso e dálle exactamente igual que lle contesten ou que non lle contesten, absolutamente igual. Di que, ademais, neste caso están por escrito as cousas.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que tamén está por escrito que se ía dar información aos grupos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que esa é a persoa que EU-IU lles comunica que vai ser o interlocutor nestes temas, de agora en diante, e esa foi a persoa que foi convocada, e pode ser que no momento que se fixo a convocatoria non puidera vir, pódelles ocorrer a calquera, por motivos diferentes, pero hai un teléfono, ou un correo electrónico para pedir que se atrase o comezo da reunión, ou que se pase para outro día, e non houbo nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o grupo de EU-IU é o que está aquí presente neste pleno, e ese é o grupo a quen lle deberon dar a información, e non lla deron.

Dona Laura Fernández Martínez dille ao Sr. Taibo que ten diante o correo que eles lles enviaron, EU-IU de Cambre, e nel poñen que a partir de agora, para calquera xuntanza ou outra cousa relacionada coa súa asociación xuvenil, poñerse en contacto coa persoa cuxos datos achegan. Di que foi a esa persoa a quen se dirixiron para convocar, seguindo as súas

instrucións.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta que ten que ver esa persoa e ese grupo, co grupo municipal de EU-IU, é distinto. Di que eles querían información, como así está na acta do pleno de outubro, que se ía dar información aos grupos municipais, e iso é o que demandan e botan de menos.

3ª Recentemente os medios de comunicación informaban sobre o soterramento da fonte do Vimbieiro en Cambre, a pesar de ter contemplado o goberno a posibilidade do seu acondicionamento.

Poden informarnos do problema e se existe aberto algún expediente para aclarar a situación de propiedade ou uso público dun ben tan preciado como é a auga, que noutros tempos tiña aproveitamento veciñal?

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que non hai ningún expediente para aclarar a propiedade ou uso público porque ambas cuestións están perfectamente claras. A fonte é de titularidade privada e o uso público que tivo durante moitos anos foi porque o propietario así o decidiu.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se teñen pensado continuar coa actuación que tiñan previsto nese lugar.

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que non, que a van deixar paralizada. Di que nestes momentos a fonte está soterrada, iso quere dicir que está protexida, está perfectamente localizada, e se nalgún momento se considera importante levar a cabo a actuación non hai ningún problema en recuperala. Neste momento consideran que é moitísimo mellor non proceder porque é algo que interesa a unha familia determinada, e a eles non lles parece conveniente.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que é unha propiedade privada pero que a el lle parece que é soterrar unha fonte, un ben público como é a auga.

Dona Gumersinda Becerra Montes responde que soterrar non é perder, non é destruír, e que de feito, os castros están a maior parte neste concello todos soterrados, están protexidos.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que no pleno de setembro de 1997 o seu grupo, presente nesa corporación, facía un rogo precisamente pedindo que se arranxara a fonte esa. Xa naquel entón se lles contestou que era un problema, porque era privada.

Dona Gumersinda Becerra Montes pregunta exactamente en que pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que no pleno do 22 de setembro de 1997, que estará nas actas, e que xa lles contestou que era propiedade privada e que non se podía actuar nese sentido, e el preguntaba se había algún expediente aberto.

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que en absoluto, que ningún. Di que está situada á beira do camiño e que se nalgún momento os propietarios queren facer algo na parcela, simplemente pechala, teñen que deixar unha distancia que xa queda en espazo público.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se a concelleira considera que fixeron ben legalmente cerrando, se estaban no seu dereito de pechar, sen pedir ningún tipo de licenza ou permiso.

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que iso non o sabe, que expertos hai no concello, e que ningún técnico valorou que fora cuestión de delito.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el pensa que se aí se fixo unha obra debería terse aberto un expediente ou algo, polo menos pedir permiso, como todo o mundo.

Dona Gumersinda Becerra Montes responde que o que non se pode é considerar un delito algo que non o é. Simplemente, como dixo antes, está soterrada, non está destrozada, simplemente iso, e neste momento o mellor é deixala así.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o do delito o dixo a concelleira, que el non dixo nada de delito, e que non sabe se é delito ou se é falta, iso non o dixo.

Dona Gumersinda Becerra Montes di que está ben, pero que no concello non se considerou que iso fose motivo de ningún expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia